



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTIAGO DE COMPOSTELA

##### Persoal

*Erro material no anuncio polo que se publican as bases dos procesos selectivos de Administración Especial*

##### **CORRECCIÓN DE ERROS:**

Advertido erro material no anuncio polo que se publican as bases dos procesos selectivo convocados para a cobertura de 25 prazas de persoal funcionario de carreira da escala de Administración especial, e de 3 prazas de persoal laboral fixo, pola quenda libre, mediante o sistema de oposición, publicadas no BOP da Coruña núm.10, do 16 de xaneiro de 2023, ao abeiro do que dispón o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, debe corrixirse o erro observado nos termos seguintes:

Na páxina: 90, **ONDE DI:**

3.- As persoas aspirantes que superasen algunha proba sen chegaren a obter praza serán incluídas na listaxe de agarda da bolsa de traballo, confeccionada de conformidade co que recolle o vixente Acordo regulador-Convenio colectivo, en concreto as normas de selección de persoal funcionario e laboral temporal. A orde da lista ten en conta nun 60% a puntuación do proceso selectivo e nun 40% a da fase de concurso de méritos.

##### **DEBE DICIR:**

3.- As persoas aspirantes que superasen todas as probas sen chegaren a obter praza serán incluídas na listaxe de agarda da bolsa de traballo, confeccionada de conformidade co que recolle o vixente Acordo regulador-Convenio colectivo, en concreto as normas de selección de persoal funcionario e laboral temporal. A orde da lista ten en conta nun 60% a puntuación do proceso selectivo e nun 40% a da fase de concurso de méritos.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2023

A concelleira de Economía e Facenda, Persoal,

Contratación e Modernización da Administración Local

Marta Abal Rodríguez

2023/236